

**IDEAS**  
**PARA UNHA HOMILÍA CON NENOS**  
**7 NOVEMBRO 2021**

## **Entrega a Deus toda a túa pequenez**

### **1. VER: A viúva do evanxeo**

- As lecturas deste domingo fálannos de dúas viúvas. Unha viúva é unha muller que lle faleceu o marido. Na época de Xesús pasábano moi mal, naquela sociedade tan machista os homes eran os que tiñan dereitos, os que podían comprar e vender. Por iso, viuvez e pobreza ían sempre unidas. Ademais, moitos xuíces e sacerdotes enganábanas e quedaban cos seus bens.

***Que che parece isto? Que faría Xesús?***

### **2. XULGAR: A viúva xenerosa**

- E no evanxeo de hoxe, Xesús fíxase na xenerosidade da viúva: “esa pobre viúva botou no cepillo máis que ninguén. Porque os demais botaron do que lles sobra, pero esta, que pasa necesidade, botou todo o que tiña para vivir”. E na primeira lectura, a viúva de Sarepta confía na palabra dun home de Deus e Deus recompensa a súa xenerosidade

A viúva pobre, película:

<https://www.youtube.com/watch?v=XKyJNWKYmma>

### **QUE NOS QUERE DICIR?**

- **Xesús sabe ver o que outros non ven.** El dáse conta de que unha viúva fixo unha gran acción inadvertida para os demais. Xesús sabe valorar o importante, dúas moediñas sen importancia,

pero que significan moito. \* Aprende a ver a vida co corazón, descobre que a vida vai de perder ás veces, que o que importa é a intención e o esforzo por conseguir algo, a entrega xenerosa que facemos.

- **Xesús valora a xenerosidade da viúva.** Cantas mulleres xenerosas hai no mundo: persoas que asumen as cousas como son, sen rabechas nin mal xenios. Mulleres que son xenerosas cos demais, que comparten o que teñen cos seus veciños, que sempre están aí para botar unha man. Eu estou convencido de que se o mundo segue adiante é por estas persoas.

\* Sumar a este grupo de persoas xenerosas que dan o que teñen.

- A viúva de Sarepta e a viúva do evanxeo dan todo porque confían. En quen? Na providencia de Deus. Están seguras de que Deus non lles vai a abandonar.

\* Non busques a seguridade nos bens materiais senón en Deus. Deixa que El sexa a túa riqueza. Confía nel.

-Desaprender, Verbo Divino 2012, reflexión:

<https://www.youtube.com/watch?v=F-0VttuWb6w>

***Como andas de xenerosidade? Confías en Deus e na súa providencia?***

### **3. ACTUAR: Entrega a Deus a túa pequenez**

- Non vivas centrado en ti, nas túas cousas.

- Segue creando un mundo mellor na casa, na parroquia, no traballo...

- Cultiva cada día a túa xenerosidade, dá a quen non poda pagarcho.

- Dálle ao Señor a túa pequenez, ofrécelle os teus fallos, o que non es capaz de facer.- E sobre todo confía nel: *“Quen a Deus ten nada lle falta, só Deus basta”*.

***Que vas facer? E no grupo?***

# LECTURAS

**I REYES 17, 10-16:** *A viúva preparou coa súa fariña unha pequena torta e levoulla a Elías.*

Naqueles días, alzouse o profeta Elías e foi a Sarepta. Traspasaba a porta da cidade no momento no que unha muller viúva recollía por alí leña. Elías chamouna e díxolle: «*Tráeme un pouco de auga no xerro, por favor, e beberei*».

Cando ela foi a traerlla, el volveu gritarlle: «***Tráeme, por favor, na túa man un anaco de pan***». Ela respondeu: «*Vive o Señor, o teu Deus, que non me queda pan cocido; só un puñado de fariña na orza e un pouco de aceite na aceiteira. Estou recollendo un par de paus, entrarei e prepararei o pan para min e o meu fillo, comerémolo e logo morreremos*».

Pero Elías díxolle: «*Non temas. Entra e fai como dixeches, pero antes prepárame coa fariña unha pequena torta e tráema. Para ti e o teu fillo farala despois. Porque así di o Señor, Deus de Israel: “A orza de fariña non se baleirá a aceiteira de aceite non se esgotará ata o día en que o Señor conceda choivas sobre a terra”*».

Ela foise e obrou segundo a palabra de Elías, e comeron el, ela e a súa familia. Por moito tempo a orza de fariña non se baleirou nin a aceiteira se esgotou, segundo a palabra que pronunciara o Señor por boca de Elías.

*Palabra do Señor.*

**SALMO 145**

**R/.** *Loa alma miña ao Señor.*

**HEBREOS 9, 24-28:** *Cristo ofreceuse unha soa vez para quitar os pecados de todos.*

**MARCOS 12, 38-44 (forma longa):** *Esa pobre viúva botou máis que ninguén.*

**Narrador:** Naquel tempo, Xesús, instruindo ao xentío, dicíalles:

**Xesús:** *-«Coidado cos escribas! Encántalles pasearse con ampla roupaxe e que lles fagan reverencias nas prazas, buscan os asentos de honor nas sinagogas e os primeiros postos nos banquetes; e devoran os bens das viúvas e aparentan facer longas oracións. Eses recibirán unha condenación máis rigorosa».*

**Narrador:** Estando Xesús sentado en fronte do tesouro do templo, observaba a xente que ía botando diñeiro: moitos ricos botaban moito; achegouse unha viúva pobre e **botou dúas moediñas**, una miseria, coma quen di. Chamando aos seus discípulos, díxolles:

**Xesús:** *-«En verdade dígovos que **esta viúva pobre botou na arca das ofrendas máis que ninguén**. Porque os demais botaron do que lles sobra, pero esta, que pasa necesidade, botou todo o que tiña para vivir».*

**Palabra do Señor.**

**(Narrador- Xesús)**